



20 quilómetros - 5 rutas  
**Etapa 7 do Camiño Natural da Ruta do Cantábrico.**  
 Interese ambiental, paisaxístico, xeolóxico, histórico e etnográfico.  
*Ladrido, Espasante, Céltigos e Loiba paso a paso.*



**O mar e a paisaxe que moldea son os protagonistas do Camiño da Costa.**

Esta ruta de sendeirismo percorre o litoral do concello, entre Loiba e Ladrido. Ao seu paso atopamos praias virxes, abruptos cantís, famosos miradoiros e Lugares de Interese Xeolóxico, do Xeoparque do Cabo Ortegal.


**OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO**  
 Av. Escola de Gaitas, s/n. 15.330 Ortigueira. A Coruña.  
 (+34) 981 422 089 / (+34) 981 974 103 turismo@concellodeortigueira.com  
 www.turismoortigueira.com

**ORTIGUEIRA**  
 son mil cousas

**CAMIÑO DA COSTA**



- Loiba. Ruta das Algas.
- Céltigos. Ruta de Pena Furada.
- Céltigos. Ruta dos Cantís.
- Espasante. Ruta dos Mariñeiros.
- Ladrido. Ruta Intermareal.



Loiba.  
Ruta das Algas.


**Punto de partida:** pasarela praia de Esteiro.  
43°44'39.4"N 7°43'42.8"W  
**Punto de destino:** acceso a Ribeira do Carro.  
Distancia: 6,8 km lineal.

**Como chegar?**  
Escanea o qr e segue as indicacións de GMaps.  
Ruta compatible co tren FEVE engadindo 3 km.




**O que vas atopar:**

- Un paraíso natural por descubrir na parroquia de Loiba, incluído na **Rede Natura 2000**.
- Unha sucesión de **praias virxes**, rodeadas dun halo de misterio que favoreceu que foran elixidas como set de rodaxe de varias películas.
- Pronunciados **cantís** e rochas con formas caprichosas e monumentais.
- Miradoiros entre os que destaca **O Mellor Banco do Mundo**.
- Un singular embarcadiro entre enormes penas, que fala do duro oficio dos mariñeiros locais.
- Camiños en zigzag polos que antigamente baixaban as **algueiras** cos seus burros a recoller estas plantas mariñas e que dan nome a esta ruta.
- Antigas rochas volcánicas actualmente transformadas noutras, as **metavulcanitas**, con mostras evidentes desa orixe volcánica na súa estrutura e textura.



Mapa da ruta



Céltigos.  
Ruta de Pena Furada.


**Punto de partida:** acceso a ribeira do Carro.  
43°44'09.4"N 7°45'53.7"W  
**Punto de destino:** Mazorgán.  
Distancia: 2,3 km lineal.

**Como chegar?**  
Escanea o qr e segue as indicacións de GMaps.  
Ruta compatible co tren FEVE engadindo 1,5 km.



**O que vas atopar:**

- Monte xunto ao mar.
- **Construcións tradicionais** de Galicia.
- A **praia virxe** máis longa do *Camiño da Costa*, a do Sarridal, accesible só para os áxiles pescadores.
- Un **miradoiro** excepcional para conseguir a foto máis característica do Sarridal e Pena Furada e ver os monumentos naturais que o mar esculpe na costa.
- A variada **xeoloxía** da zona permite ver arcos rochosos en lousas e cuarcitas, en Pena Furada, e en metavulcanitas no Coitelo, que alternan cun gran número de illotes e praias de area ou de cantos.



Mapa da ruta



Céltigos.  
Ruta dos Cantís.


**Punto de partida:** Mazorgán.  
43°43'46.4"N 7°46'58.7"W  
**Punto de destino:** praia de San Antón.  
Distancia: 3,5 km lineal.

**Como chegar?**  
Escanea o qr e segue as indicacións de GMaps.



**O que vas atopar:**

- **Praias** para todos os gustos: San Antón para os surfistas, Eirón para quen busca a calma total, Ribeira Ouriceira de difícil acceso e punto de faena de pescadores.
- Tramos de costa onde a **natureza** se mostra en estado puro, con espazos por descubrir como Punta Bandexa ou a praia da Mansa.
- **Panorámicas** impresionantes do Cabo Ortegal.



Mapa da ruta



Espasante.  
Ruta dos Mariñeiros.


**Punto de partida:** praia de San Antón.  
43°43'18.5"N 7°48'17.8"W  
**Punto de destino:** praia da Concha.  
Distancia: 2,7 km lineal.

**Como chegar?**  
Escanea o qr e segue as indicacións de GMaps.  
Ruta compatible co tren FEVE engadindo 1,5 km.




**O que vas atopar:**

- Dúas das praias máis frecuentadas do concello: a da Concha, cun pequeno cordón dunar e restos de antigas **fábricas de salgadura**, e a de San Antón, onde o monte baixa ata a mesma praia.
- O pequeno **porto de Espasante**, centro da actividade pesqueira do concello.
- Restos históricos como a **Garita da Vela**, antiga vivía do s. XVIII, ou o **xacemento arqueolóxico de Punta dos Prados**.
- A tradición do **porco Antón**, o máis famoso da contorna, que é fácil de atopar nas rúas e praias de Espasante.
- **Rochas volcánicas submarinas**, especialmente na praia da Concha. Na praia de San Antón atópase un prego métrico de serpentinitas (toelo) e mármore xunto con anfibolitas e gneises.



Mapa da ruta



Ladrido.  
Ruta Intermareal.


**Punto de partida:** praia da Concha.  
43°43'02.0"N 7°48'23.7"W  
**Punto de destino:** embarcadiro de Ladrido  
Distancia: 4,65 km lineal.

**Como chegar?**  
Escanea o qr e segue as indicacións de GMaps.  
Ruta compatible co tren FEVE engadindo 1,5 km.



**O que vas atopar:**

- Un punto de **observación de aves** privilexiado. A ría Ortigueira - Ladrido, zona húmida de importancia internacional, zona ZEPa e espazo en réxime de protección xeral, é unha zona de abrigo e alimento para as aves invernantes e migratorias.
- Na franxa intermareal apréciase a **diversidade faúnica** da ría.
- As calas de Vidueiros ou Santa Eulalia.
- Panorámicas da praia de **Morouzos**, da Illa de San Vicente, do cabo Ortegal e do porto de Espasante.
- Un dos seis **Geosites** (sitios xeolóxicos destacados internacionalmente).



Mapa da ruta



**Información adicional**

**Camiño Natural Ruta do Cantábrico.**

O Camiño da Costa forma parte da etapa 7 da Ruta do Cantábrico, que vai dende O Vicedo ata Ladrido. Esta gran ruta, que comeza en Ribadeo, percorre 150 km da costa norte galega, ata o seu fin en Ladrido.

**Rutas compatibles co tren.**

Se te ves con forza para facer os 20 km das 5 rutas no mesmo día, interésache saber que podes utilizar a liña de Renfe FEVE Ferrol-Oviedo, que efectúa paradas en Espasante e Loiba. Deste xeito, poderás ir en tren ata un destes apeadoiros e facer o camiño intermedio a pé.

Tamén, como se indica nalgunhas das 5 rutas, pódese utilizar este transporte para achegarse ao punto de partida das mesmas.

Podes consultar os horarios do tren aquí:



**Gastronomía.**


Varios restaurantes ofrecen peixes como sargos, robalizas ou douradas, e mariscos como berberechos, ameixas, percebes, centolas ou nécoras. Todo da nosa ría.

Como pratos máis típicos recomendamos os berberechos á ortegana, en calquera época do ano, e o bonito en calquera das súas variedades, soamente no verán.

**Toma nota.**

No verán e en determinadas épocas de tempada alta organízanse rutas de sendeirismo e rutas xeolóxicas guiadas.

**Camiña con nós**  
Turismo Ortigueira



**Séguenos**

- Turismo Ortigueira
- turismoortigueira
- OrtigueiraTuris
- @turismoortigueira